



DATOS IDENTIFICATIVOS

Arte: Arte clásica

Materia	Arte: Arte clásica			
Código	002G250V01201			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición				
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Vázquez Rozas, Roberto			
Profesorado	Vázquez Rozas, Roberto			
Correo-e	rvrozas@uvigo.es			
Web				

Descrición xeral	<p>O principal obxecto de estudo da Historia da arte son as propias obras de arte, e o seu obxectivo fundamental consiste en chegar a explicar ditas obras e a súa evolución a partires das premisas históricas. O primeiro eslavón dentro desta cadea correspóndelle á arte clásica que se acepta como a pauta estética de base de toda a produción arquitectónica e figurativa do occidente europeo. Ademais de ser a linguaxe clasicista a que ofrezca o camiño formal de máis ampla repercusión a través de toda a historia, expresando diversos contidos.</p> <p>Partindo desta base o terreo que abarca a materia divídese en dous grandes temas:</p> <p>O primeiro, orientado ao estudo da tradición artística grega, partindo da arte arcaica, pasando polo momento clásico coa análise das obras que marcan o cénit da arte grega e consagran o canon, ata a magnificencia e "barroquización" do período helenístico, que expandirá as súas realizacións pola conca mediterránea e levaraas ata os confíns de oriente.</p> <p>O segundo, dende a Roma primitiva ata a Antigüidade tardía, coa análise das obras clave de Etruria, da Roma republicana e da Roma imperial, abordadas como unha interpretación da estética e do ideal artístico en cada época.</p>
------------------	---

Competencias de titulación

Código	
A12	Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado
A16	Coñecemento detallado dun ou máis períodos específicos do pasado da humanidade
A24	Conciencia crítica das coordenadas espazo-temporais da Historia da Arte
A25	Visión diacrónica xeneral da Historia da Arte Universal
A27	Coñecementos particulares e optativos da Historia da Arte
A29	Coñecemento sistemático e integrado do feito artístico: distintas linguaxes e técnicas da produción artística ao longo da historia.
A33	Coñecementos sobre documentación, composición de materiais e técnicas construtivas dos bens artísticos mobles e inmobles
A34	Coñecementos instrumentais aplicados á Historia da Arte
B1	Capacidade de análise e síntese.
B8	Compromiso ético e responsabilidade social
B12	Capacidade para imprevistos, creatividade e lideranza
B13	Iniciativa e espírito emprendedor
B14	Motivación pola calidade

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecemento dende as primeiras etapas históricas do significado a contextualización da obra de arte máis aló da análise formal ou estilística.	A25
Coñecemento e comprensión da forma e da función orixinal das obras de arte en relación coas circunstancias nas que foron realizadas.	A24

Adquirir conciencia das relacións do obxecto artístico e da historia imbricadas coa noción de patrimonio artístico ou patrimonio do home.	A27	B1
Saber valorar e recoñecer o legado da historia e dos obxectos artísticos como parte esencial dos valores dese legado.		B8
Comprender a sistematización e desenvolvemento da cultura clásica, na que se sitúan os primeiros pasos da arte occidental	A16	
Adquirir conciencia crítica acerca do proceso creativo e da transmisión do patrimonio artístico da Antigüidade	A12	
Asimilar e aplicar a trascendencia da evolución da obra de arte a través das novas conquistas da arte clásica	A29 A33	
Capacidade para imprevistos, creatividade e lideranza		B12
Iniciativa e espírito emprendedor		B13
Motivación pola calidade		B14
Coñecementos instrumentais aplicados á Historia da Arte	A34	

Contidos

Tema	
1. Introducción	1.1. Conceptos fundamentais da arte e linguaxe clásica.
2. A arte grega	2.1. As orixes da arte grega: os comezos da arte monumental grega. O século de Pericles na arquitectura. Os mestres da escultura arcaica. 2.2. O momento clásico: evolución artística ao longo do século V. 2.3. Do clasicismo ao helenismo: a arte helenística.
3. A arte romana	3.1. A Arte romana: dende os comezos á arte da antigüidade tardía. 3.2. A arquitectura: edificios romanos característicos. 3.3. A escultura: relevos históricos, retratística, escultura funeraria. 3.4. Pintura mural, estuco e mosaico.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	23	30	53
Seminarios	12	10	22
Saídas de estudo/prácticas de campo	3	10	13
Titoría en grupo	3	5	8
Traballos tutelados	0	20	20
Actividades introdutorias	2	0	2
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	3	15	18
Traballos e proxectos	4	10	14
Outras	0	0	0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Presentación na aula, mediante a exposición maxistral, dos principais contidos teóricos e conceptos fundamentais da materia.
Seminarios	Traballos na aula co obxectivo de profundar nos temas abordados nas sesións maxistrais. Reservaranse dúas horas para a asistencia á actividades de temática transversal organizadas dende a Facultade de Historia, de xeito que computan nas actividades dirixidas.
Saídas de estudo/prácticas de campo	Visita a institucións museísticas da provincia para o coñecemento e análise dos fondos e coleccións relativas coa materia.
Titoría en grupo	Seguimento e orientación na execución dos traballos a realizar polos alumnos/as.
Traballos tutelados	Execución dun traballo en grupo derivado dunha selección dos fondos e coleccións museísticas ou sobre outros aspectos relacionados co contido da materia, para a súa exposición final.
Actividades introdutorias	Actividades previas orientadas á presentación e coñecemento do desenvolvemento da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades introdutorias	A atención personalizada encamiñase ao seguimento e supervisión por parte do profesor de todos os materiais e actividades xerados nos seminarios prácticos e saídas de estudo, así como doutros asuntos derivados da actividade docente.
Seminarios	A atención personalizada encamiñase ao seguimento e supervisión por parte do profesor de todos os materiais e actividades xerados nos seminarios prácticos e saídas de estudo, así como doutros asuntos derivados da actividade docente.

Saídas de estudo/prácticas de campo

A atención personalizada encamiñase ao seguimento e supervisión por parte do profesor de todos os materiais e actividades xerados nos seminarios prácticos e saídas de estudo, así como doutros asuntos derivados da actividade docente.

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	A sesión maxistral será avaliada mediante unha proba escrita de resposta longa.	60
Traballos tutelados	Os traballos de grupo serán expostos por un representante do mesmo, estando suxeitos todos os integrantes a satisfacer as preguntas e dúbidas dos alumnos/as nun debate final. A cualificación será igual para todos os membros do grupo.	30
Outras	En todas as actividades e probas que conforman a programación valorarase a asistencia e participación do alumnado.	10

Outros comentarios sobre a Avaliación

Todos os estudantes matriculados na materia teñen dereito a realizar exames finais (Artigo 12 do Regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo). Aqueles alumnos que non poidan acollerse á modalidade presencial serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e un traballo obrigatorio, que representará un 30% desta.

Bibliografía. Fontes de información

BOARDMAN, J, **El arte griego**, Edicións Destino,

BLANCO FREIJEIRO, **Arte griego**, CSIC,

ROBERTSON, **El arte griego: introducción a su historia**, Alianza Editorial,

HENIG, M., **El arte romano**, Edicións Destino,

GARCIA Y BELLIDO, **Arte romano**, CSIC,

HENIG, M, **El arte romano: una revisión de las artes visuales del mundo romano**, Edicións Destino,

BIANCHI-BANDINELLI, R., **El arte de la antigüedad clásica: Etruria y Roma**, Akal,

ANDREASSE, B., **Arte romano**, Gustavo Gili,

RICHTER, G. M., **El arte griego: una revisión de las artes visuales de la antigua Grecia**, Destino,

POLLIT, J., **Arte y experiencia en la Grecia clásica**, Xarait,

WHEELER, M., **El Arte y la arquitectua de Roma**, Destino,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Historia da arte medieval/O02G250V01404

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Historia antiga universal/O02G250V01302